



## Concello de Oia

**Expediente nº: 475/2020**

**Asunto: Decreto de medidas urxentes para contención da expansión do coronavirus COVID-19**

**Interesados: Veciños, cidadáns e empregados públicos do concello de Oia.**

**Data de inicio: 16 de marzo de 2020**

### **DECRETO.**

Vista a situación provocada pola expansión do coronavirus COVID-19, desde o pasado mes de xaneiro, a nivel mundial, que afecta nestes últimos días a España,

Visto que a fin de frenar a proliferación de contaxios o Goberno do Estado ven de decretar o **estado de alarma**, para a xestión da crise sanitaria por medio de **decreto 463/2020**, publicado no BOE de 14 de marzo de 2020, que, entre outras disposicións inclúe:

*Artículo 6. Gestión ordinaria de los servicios.*

*Cada Administración conservará las competencias que le otorga la legislación vigente en la gestión ordinaria de sus servicios para adoptar las medidas que estime necesarias en el marco de las órdenes directas de la autoridad competente a los efectos del estado de alarma y sin perjuicio de lo establecido en los artículos 4 y 5.*

Visto o disposto polo **Consello da Xunta de Galicia**, na súa reunión de 12 de marzo de 2020, que adoptou **medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia**, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, co seguinte detalle:

*Primeira: Todos os empregados públicos cuxas funcións se realicen dentro de edificios ou instalacións administrativas que permitan o seu desenvolvemento a distancia prestarán o servizo desde o seu domicilio na modalidade de traballo non presencial. Para tales efectos, a Administración facilitará fórmulas de teletraballo ou de traballo a distancia.*

*Segundo: Todos os empregados públicos que realicen funcións dentro de edificios ou instalacións administrativas que non se poidan desenvolver mediante o traballo non presencial deberán permanecer nos seus domicilios, quedando as súas actividades suspendidas temporalmente.*

*Exceptúase do disposto no parágrafo anterior ao persoal que desempeñe funcións de carácter esencial, que deberá acudir presencialmente aos seus lugares de traballo cando o desempeño das súas funcións así o esixa porque así o determinen os titulares dos seus centros directivos.*

*Terceiro: En todo caso, considéranse funcións de carácter esencial as desempeñadas polo persoal directivo, así como as vinculadas a funcións tales como a seguridade, mantemento de edificios, comunicacións e outros servizos relacionados coas tecnoloxías da información, pagamento a provedores, habilitacións, gardaría forestal e ambiental, centros de recuperación da fauna e razas autóctonas, as propias do servizo de gardacostas Galicia, servizos de alertas sanitarias en todas as súas modalidades, servizos de inspección de saúde pública, servizos de prevención e extinción de incendios de Galicia, así como todas aquelas que determinen os órganos directivos por considerárense necesarias para garantir a continuidade das funcións básicas.*

*Cuarto: Naqueles casos en que as funcións de carácter esencial deban desempeñarse presencialmente, o titular do centro directivo establecerá as quendas necesarias para garantir a prestación do servizo e minimizar o máximo posible o risco de contaxio laboral, arbitrando medidas organizativas para a protección da súa saúde, como pode ser a reordenación de espazos.*

*Quinto: Todos os empregados permanecerán localizables e deberán reincorporarse aos seus postos de*





## Concello de Oia

traballo de forma presencial se así se require por necesidades do servizo.

Sexto: A atención á cidadanía, con carácter xeral, canalizarase a través do 012, sen prexuízo daquelas oficinas que determinen os titulares dos centros directivos polas súas funcións de carácter esencial.

Sétimo: Suspéndense os termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público. O cómputo dos prazos reiniciarase no momento en que perda vixencia o presente acordo ou, se é o caso, as prórrogas deste.

A suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicaranse a todo o sector público definido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Non obstante o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo.

Oitavo. Suspensión de prazos de prescrición e caducidade

Os prazos de prescrición e caducidade de calquera acción e dereito quedarán suspendidos durante o prazo de vixencia do estado de alarma e, se é o caso, das prórrogas que se adoptaren.

Noveno. Duración das medidas: Estas medidas de carácter extraordinario entrarán en vigor no mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e terán a duración imprescindible para dar resposta á situación que motivou a súa adopción e poderán ser revogadas por necesidades do servizo e, en todo caso, cando cesen as recomendacións das autoridades sanitarias.

Décimo. Ámbito de aplicación

1. As medidas incluídas no presente acordo serán aplicables á Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como ás entidades instrumentales do sector público autonómico.

Queda excluído do presente acordo o persoal sanitario, o persoal dos centros de servizos sociais, o persoal de xustiza e o persoal de seguridade, protección civil e emerxencias, sen prexuízo das instrucións ou protocolos que nos devanditos eidos se poidan aprobar.

Nos centros educativos de todos os niveis de ensino non universitario de máis de seis unidades permanecerá en réxime de quendas unha persoa do equipo directivo do centro das 10.00 ás 13.00 horas.

Así mesmo, cada consellería ou centro directivo poderá ditar as instrucións oportunas en desenvolvemento do presente acordo ou adaptalo ás particularidades dos distintos colectivos afectados.

As instrucións que, en desenvolvemento do presente acordo, dite cada unha das consellerías ou centros directivos publicaranse na páxina web da Xunta de Galicia, [www.xunta.gal](http://www.xunta.gal), e difundiranse a través do correo electrónico corporativo.

**2. As entidades locais poderán aplicar as medidas previstas no presente acordo, adoptando as instrucións oportunas de adaptación no seu desenvolvemento, en atención ás particularidades dos seus ámbitos.**

Considerando que resulta de aplicación o artigo 21.1 m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local que dispón como atribución da Alcaldía:

*m) Adoptar personalmente, e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos ou grave risco dos mesmos, as medidas necesarias e adecuadas dando conta inmediata ao Pleno, e logo de reunirme con todo o personal do concello, **RESOLVO:***





## Concello de Oia

---

**PRIMEIRO.- O concello de Oia suspende temporalmente todas as actividades culturais, deportivas e sociais, así como o resto de actos e festexos públicos en recintos abertos e pechados que congreguen persoas; igualmente péchanse parques, prazas e resto de espazos abertos de uso público do término municipal.**

**SEGUNDO.- O concello de Oia, como centro de traballo mantén abertas as seguintes oficinas administrativas dacordo aos seguintes criterios:**

**-Con carácter xeral para todo o concello de Oia:**

Queda suspendida a atención ao público en cada un dos Departamentos da casa consistorial, que seguirá funcionando a porta pechada en **horario de 09.00 a 14.00 horas**, coas correspondentes quendas de personal.

En cada Departamento que desempeña funcións administrativas a través do programa Gestiona e outras plataformas telemáticas o traballo realizarase desde os domicilios, preferiblemente, mediante teletraballo.

**-Con carácter especial para determinadas Áreas de servizo público:**

**- Servicio de Atención ao público:**

Queda suspendida temporalmente a atención ao público e a presentación de documentos coa excepción seguinte:

Manterase un empregado público, na oficina de rexistro, cada día de 10 a 13 horas a efectos de rexistro a porta pechada de documentos doutras Administracións públicas.

**O concello ten habilitada a atención cidadán por vía telefónica aos veciños e cidadanía en xeral. Teléfono: 986 362 125.**

**Ademais, está dispoñible o correo electrónico [info@concellodeoia.es](mailto:info@concellodeoia.es) e a sede electrónica municipal, [oia.sedelectronica.es](http://oia.sedelectronica.es) que garante o rexistro de documentos 24 horas diarias.**

**-Servicios Sociais:**

A Asistente social municipal continuará traballando de forma presencial, por tratarse dun servizo asistencial, aos efectos de poder continuar atendendo necesidades urxentes de emerxencia social, aínda que a atención ao público restrínxese ao formato electrónico e telefónico.

-Os empregados públicos que acudan de forma presencial a traballar ao concello de Oia deberán extremar as precaucións e cumprir co previsto nesta resolución e no resto de recomendacións sanitarias.

**TERCEIRO: Queda suspendida a convocatoria de sesións do Pleno, bodas civís e o resto de reunións de membros da Corporación e de empregados públicos e calquera outro acto municipal que implique a reunión de**





## Concello de Oia

### personas

**CUARTO:** Están suspendidos todos os prazos para a tramitación de todos os procedementos administrativos do Concello de Oia, así como os prazos de prescripción e caducidade, nos términos establecidos na Disposición Adicional Terceira e Cuarta do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo.

**QUINTO:** Conforme ao artigo 7 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se decreta o estado de alarma a nivel de todo o estado, se informa á poboación das **limitacións á liberdade de circulación de personas que se transcribe literalmente:**

*1. Durante la vigencia del estado de alarma las personas únicamente podrán circular por las vías de uso público para la realización de las siguientes actividades:*

- a) Adquisición de alimentos, productos farmacéuticos y de primera necesidad.*
- b) Asistencia a centros, servicios y establecimientos sanitarios.*
- c) Desplazamiento al lugar de trabajo para efectuar su prestación laboral, profesional o empresarial.*
- d) Retorno al lugar de residencia habitual.*
- e) Asistencia y cuidado a mayores, menores, dependientes, personas con discapacidad o personas especialmente vulnerables.*
- f) Desplazamiento a entidades financieras y de seguros.*
- g) Por causa de fuerza mayor o situación de necesidad.*
- h) Cualquier otra actividad de análoga naturaleza que habrá de hacerse individualmente, salvo que se acompañe a personas con discapacidad o por otra causa justificada.*

*2. Igualmente, se permitirá la circulación de vehículos particulares por las vías de uso público para la realización de las actividades referidas en el apartado anterior o para el repostaje en gasolineras o estaciones de servicio.*

*3. En todo caso, en cualquier desplazamiento deberán respetarse las recomendaciones y obligaciones dictadas por las autoridades sanitarias.*

*4. El Ministro del Interior podrá acordar el cierre a la circulación de carreteras o tramos de ellas por razones de salud pública, seguridad o fluidez del tráfico o la restricción en ellas del acceso de determinados vehículos por los mismos motivos.*

*Cuando las medidas a las que se refieren los párrafos anteriores se adopten de oficio se informará previamente a las administraciones autonómicas que ejercen competencias de ejecución de la legislación del Estado en materia de tráfico, circulación de vehículos y seguridad vial.*

*Las autoridades estatales, autonómicas y locales competentes en materia de tráfico, circulación de vehículos y seguridad vial garantizarán la divulgación entre la población de las medidas que puedan afectar al tráfico rodado.*

**SEXTO:** Conforme ao artigo 10 do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, se informa á poboación e ás empresas sobre as **medidas de contención no ámbito da actividade comercial, equipamentos culturais, establecementos e actividades recreativas, actividades de hostelería e restauración**, e outras adicionais que se transcriben literalmente:

*1. Se suspende la apertura al público de los locales y establecimientos minoristas, a excepción de los establecimientos comerciales minoristas de alimentación, bebidas,*





## Concello de Oia

*productos y bienes de primera necesidad, establecimientos farmacéuticos, médicos, ópticas y productos ortopédicos, productos higiénicos, peluquerías, prensa y papelería, combustible para la automoción, estancos, equipos tecnológicos y de telecomunicaciones, alimentos para animales de compañía, comercio por internet, telefónico o correspondencia, tintorerías y lavanderías. Se suspende cualquier otra actividad o establecimiento que a juicio de la autoridad competente pueda suponer un riesgo de contagio.*

*2. La permanencia en los establecimientos comerciales cuya apertura esté permitida deberá ser la estrictamente necesaria para que los consumidores puedan realizar la adquisición de alimentos y productos de primera necesidad, quedando suspendida la posibilidad de consumo de productos en los propios establecimientos. En todo caso, se evitarán aglomeraciones y se controlará que consumidores y empleados mantengan la distancia de seguridad de al menos un metro a fin de evitar posibles contagios.*

*3. Se suspende la apertura al público de los museos, archivos, bibliotecas, monumentos, así como de los locales y establecimientos en los que se desarrollen espectáculos públicos, las actividades deportivas y de ocio indicados en el anexo del presente real decreto.*

*4. Se suspenden las actividades de hostelería y restauración, pudiendo prestarse exclusivamente servicios de entrega a domicilio.*

*5. Se suspenden asimismo las verbenas, desfiles y fiestas populares*

**SETIMO:** Recordamos a toda a poboación que o Real decreto 463/2020 resulta de obrigado cumprimento e que as medidas adoptadas a través do presente permanecerán vixentes en tanto dure o estado de alarma decretado polo Goberno do Estado e, se fora o caso, as súas prórrogas.

**OITAVO:** O presente decreto será publicado na sede electrónica municipal e no taboleiro de anuncios do concello, e será notificado a todo o personal do concello e aos membros da corporación.

En Oia, a 16 de marzo de 2020.

A Alcaldesa  
Asdo Cristina Correa Pombal

ante min a Secretaria  
Asdo. María Cabodevila Ros

\*Asdo dixitalmente á marxe

